

NOTA DE PRENSA 051/23
8 DE XULLO DE 2023

**DOBLETE DOS EQUIPOS BECADOS POLA FGA NA GARA N5 NO RALLYE
SUR DO CONDADO**

Os dous equipos becados pola Federación Galega de Automobilismo formados por Alexis Vieitez e Cristian Álvarez e Marcos Maceiras e Sergio Iglesias, foron protagonistas da quinta proba puntuable para o Campionato Galego de Rallyes (primeiro e segundo posto na Gara N5 e na Top Ten Pirelli Driver Autia B), un Sur do Condado no que a climatoloxía tivo moito que dicir, especialmente nos compases iniciais da competición.

Alexis Vieitez e Cristian Álvarez lograron un sobresaínte quinto posto da xeral absoluta nunha proba na que loitaron durante toda a xornada cos varios rivais, primeiro con José Lamela e Néstor Casal e despois con Manuel Fernández e Álex Cid, para sumar uns importantes puntos dentro da Gara N5 (segunda victoria da tempada) e na xeral do certame.

Marcos Maceiras e Sergio Iglesias, pola súa banda, partían no Sur do Condado coa idea de recuperar as sensacións logo de dous abandonos consecutivos e cumpriron coa súa vontade. Cada vez máis cómodos sobre o Nissan Micra N5 do preparador RMC, os pontevedreses remataron a proba na sexta posición da clasificación xeral e segundos da Gara N5, confirmando o dobrete dos becados da FGA.

A seguinte proba dentro do calendario deportivo dos becados pola Federación Galega de Automobilismo será con motivo do Rallye Pazo Tizón no último fin de semana do mes de xullo.